




BACHARELATO/PERSOAS ADULTAS: CADERNO DO PROFESORADO



Contidos e maquetación: Hermeneutika. Desenvolvemento cultural, S.L.N.E.


INTRODUCCIÓN

Achegámonos esta guía do profesorado co fin de ofertarvos materiais didácticos para que preparedes na aula, co voso alumnado, a visita ao xacemento de O Castro.

Ademais de facer unha presentación breve do que ides ver, neste caderniño propoñemos actividades previas de motivación e posteriores de reforzo para que traballedes coas e cos alumnos nas aulas. Sodes vós quen mellor coñecede as necesidades e potencialidade do voso alumnado, e o que aquí ofrecemos son soamente propostas de traballo.

Se necesitades mais información, ou ben precisades contidos a maiores dos que presentamos, non dubidedes en solicialos a través do número de teléfono no cal concertastes a cita. Gustosamente atenderemos, na medida das nosas posibilidades, as vosas observacións e propostas.

Tamén podedes obter máis información a través do noso enlace na páxina web do Concello (http://vigo.org/conecenos/m_castro) ou ben no perfil de Facebook Xacemento O Castro.



QUE IMOS VER?

O alumnado visitará unha pequena parte dun gran castro (forma de poboamento típico da Idade do Ferro no noroeste peninsular), que ocupaba a totalidade do monte do Castro. Estivo habitado, segundo os datos arqueolóxicos, entre o século III a.C. e o III d.C., momento no cal os seus habitantes se trasladan á zona litoral do actual Vigo, no contorno das rúas Areal e Rosalía de Castro.

Este feito resulta importante para reconstruír a historia da cidade, xa que se poden documentar os distintos espazos que foron ocupados na cidade dende os derradeiros intres da Prehistoria ata a actualidade: primeiro, na Idade de Ferro, no monte do Castro; seguidamente, nos primeiros estadios da Antigüidade, coa cultura galaicorromana, nas zonas litorais no contorno das rúas Areal e Rosalía de Castro; posteriormente, na Idade Media e Moderna no contorno do Barrio Vello, continuando a expansión da actual cidade ao longo da Idade Contemporánea.

O Castro de Vigo sería un castro moi poboado, de grandes dimensións, cuxos habitantes vivirían da agricultura, da gandería, da recolección de produtos vexetais e do aproveitamento de recursos mariños (pesca e marisqueo). A relación co mar sería moi estreita nos 600 anos que estivo habitado O Castro.

Posiblemente fora un oppida, asentamento de gran tamaño que sería o centro social, económico e político dunha comarca que incluiría a máis castros de menor tamaño.



Pensamos que é así polo seu gran tamaño e pola funcionalidade diversa dos restos arqueolóxicos localizados: documéntanse tanto actividades artesanais (canles e pías), como económicas (silos, celeiros,...) e incluso rituais (sauna).

No xacemento, por unha banda, veremos os restos arqueolóxicos reais, e por outra unha recreación con varias vivendas ambientada no século I d.C. (momento de máxima expansión do castro). Esta recreación representa unha agrupación de vivendas en torno a un patio, conformando unha unidade doméstica de carácter familiar.


Na visita, presentarase a Arqueoloxía como unha disciplina que investiga o xeito de vida dos nosos antergos a través dos seus obxectos e restos. Os restos arqueolóxicos non teñen importancia en si, senón porque nos conectan coas persoas que os usaron hai moitos anos.

O discurso que manexará o arqueólogo encargado da visita guiada xirará en torno a varias ideas básicas e centrais:

- Entre o século III a.C e o III d.C., no actual monte do Castro existiu un gran poboado castrexo. Non é un castro corrente, senón que estaría dentro do grupo dos oppida.
- Tería un desenvolvemento urbanístico importante, cunhas construcións baseadas fundamentalmente na pedra.
- Un gran castro como este sería parecido a unha gran cidade actual: centro económico, social, relixioso e político, con relacións comerciais e culturais con territorios afastados.



- Os castrexos vivirían da agricultura, da gandería, da recolección, da pesca, do marisqueo... A base económica sería moi semellante á que sustentaba as sociedades tradicionais rurais ata hai pouco tempo.
- Os datos arqueolóxicos fronte ás teorías do celtismo. A Historia non debe explicarse polo xeito clásico de migracións e invasións, senón a través da idea de cambio e evolución por medio de contactos con outros pobos, coas conseguíntes innovacións.
- Importancia da conservación dos restos arqueolóxicos e históricos como forma de coñecemento do pasado. Ademais, o achegamento ao patrimonio cultural pode ser unha experiencia moi gratificante que xere, ademais de coñecemento, gozo ante a súa contemplación.



COMO CHEGAR E NORMAS DE CONDUTA

O xacemento atópase no monte do Castro, concretamente no Paseo de Álvarez Blázquez. Se vides en autobús, este pode deixarvos as portas do xacemento (temos un vado habilitado para este servizo), aínda que non poderá estacionar nel.

Dispoñemos dunha caseta de recepción dos visitantes na cal poderedes deixar, se queredes, as mochilas ou as bolsas que traian os rapaces e rapazas.

Unha parte do xacemento musealizado está adaptado para persoas con discapacidades motoras: existe unha pasarela de madeira para cadeiras de rodas.

O número máximo de alumnos e alumnas por cada visita guiada é de 25. Se sodes máis, haberá que dividirse en dous grupos. Como alternativa propoñemos que, mentres un fai a visita guiada, o outro suba ata a Fortaleza, para logo intercambiarse.

A Fortaleza de Santa María do Castro é un forte militar construído no século XVII, actualmente acondicionado como parque urbano. Nela, a maiores dunhas impresionantes vistas da ría de Vigo, poderedes ver varios paneis ou mesas

interpretativas relacionadas co xacemento do Castro. Concretamente, fálase do emprazamento xeográfico do antigo poboado sobre a ría de Vigo, e poderedes contemplar outros castros do contorno.


Tamén poderase explicar os diferentes usos que tivo o monte ao longo da Historia: emprazamento dun poboado na Idade de Ferro, fortaleza de uso militar dos séculos XVII ao XX, parque urbano no século XX e na actualidade...

A visita guiada dura aproximadamente uns 45 minutos, e en todo momento o alumnado deberá estar acompañado alo menos por un docente.

Antes do comezo da visita guiada, o persoal do xacemento comentaralles aos rapaces e rapazas as normas de conduta dentro do espazo musealizado. Estas serán:

- Deberase circular sempre polos itinerarios marcados, agás na zona das vivendas recreadas.
- Non se poderá comer no xacemento.
- Non se poderán tocar os obxectos, excepto aqueles que lles indiquen os monitores.

Solicitámosvos puntualidade.



ACTIVIDADES NAS AULAS

Gustaríanos que a actividade non se cinguise unicamente á visita ao xacemento, xa que pensamos que a realización de dinámicas nas aulas axudará a que o alumnado aproveite –e goce– máis á saída. Polo tanto, propoñémovos actividades previas e posteriores á visita, para que fagades nas aulas.

Actividades previas de motivación

Nos materiais descargables a disposición dos docentes, existe un arquivo PDF, no cal tratamos de explicarlle ao alumnado o que vai ver: que é o Castro de Vigo, como era a xente que vivía nel, que pasou para que os restos se enterrasen co paso do tempo,... A nosa proposta é que llo proxectedes nas aulas, antes da saída, como dinámica de motivación.


Xuntamos un guión para que teñades unha guía á hora da proxección. O díxito que aparece é o número da lámina, co comentario que lle podedes facer mentres a pasades:

1. Imos visitar os restos musealizados do Castro, gran poboado da Idade do Ferro que se localizaba no monte do Castro. A construción no século XVII dunha fortaleza militar, ou o desenvolvemento urbanístico do XX non lograron borrar as pegadas do antigo castro na paisaxe do monte.

- 2, 3 e 4. Os seus restos (enterrados por séculos de procesos erosivos) foron descubertos a finais do século XIX, e ao longo do século XX fixéronse varias campañas de escavacións arqueolóxicas, quedando á vista unha pequena parte dun gran poboado que ocuparía todo o monte.
5. Tras facerse as últimas campañas de escavación nos anos 1987 e 1988, os restos quedaron abandonados, e empezaron a sufrir todo tipo de agresións: as causadas por axentes naturais, pero sobre todo, pola acción do ser humano..
6. No ano 2009 desenvólvese un proxecto de recuperación e musealización do xacemento: os restos das casas castrexas que quedaron abandonadas tras as escavacións dos anos 80, recuperáronse, consolidáronse e conserváronse.
7. Así é como estaba a parte alta do xacemento a principios do 2009...
8. E así é como está agora.
9. Así estaba a zona sur do xacemento por aquelas datas...
10. E así se atopa na actualidade.
11. Pero, como sería o monte do Castro hai 2.000 anos? Nesta lámina mostramos como se pensa que estaría O Castro naquel tempo. Fixádevos como na zona mais preto do mar (na zona onde hoxe están as rúas Rosalía de Castro e Areal), había unha gran explotación industrial: as saíñas romanas.



12. Os castrexos eran poboacións que vivían da agricultura (cultivaban practicamente as mesmas cousas ca nós, agás os produtos traídos varios séculos despois dende América), da gandería, da caza, da recolección, da pesca, do marisqueos,...
13. Pero chegou un momento, en torno ao século III d.C., no que os seus habitantes empezan marcharse do vello poboado, e traládanse á parte baixa de Vigo, no contorno das saíñas (aínda que por estas datas xa estaban abandonadas). Os datos arqueolóxicos móstrannos como coincide o declive do Castro co florecemento do Vigo romano, o Vicus Aeleni das fontes documentais clásicas. E o abandono e os procesos erosivos comezan a cubrir todo o monte de terra.
14. As casas arruínanse e destrúense.
15. Caen os teitos, empezan a nacer árbores e vexetación entre as casas.
16. E a chuvia e o vento foron arrastrando terra, que pouco a pouco comezou a cubrir as ruínas das casas.
17. E os restos do poboado quedaron totalmente cubertos por terra. Hai mais de 100 anos, un arqueólogo portugués, Martíns Sarmiento, de visita na nosa cidade, observa que na superficie do monte do Castro aparecen restos de cacharros de cerámica, tellas, ánforas,...



18. A partir dese intre, realizáronse varias campañas de escavación, nas que se atoparon restos dos obxectos da vida cotiá dos castrexos: a verdadeira importancia destes obxectos está en que foron utilizados por persoas coma nós hai moito tempo, e nos achegan coñecemento sobre o seu xeito de vida.
- 19, 20 e 21. Atoparon restos dos obxectos que utilizaron os castrexos hai tantos séculos, sobre todo as vaixelas que usaban para cociñar e conter os alimentos e os líquidos.
22. Tamén se atoparon restos de obxectos que trouxeron os romanos, como as moedas.
23. Ou as ánforas, nas que os romanos transportaban viño, aceite, salsas de peixe, etc.
24. Atopáronse tamén obxectos que nos poden resultar moi familiares, como esta alferga.

Actividades posteriores de reforzo.

Propoñémovos dúas dinámicas para que o alumnado traballe en grupo, tra-la visita ao xacemento:

- Facer unha comparación entre o xeito de vida na Galicia tradicional e nas comunidades castrexas da Idade de Ferro. Como fonte documental para a cultura castrexa poderían coller datos de libros sobre o tema, ou ben do aprendido na visita ao xacemento.

Para saber como se vivía na Galicia tradicional, poderían preguntarlles aos seus maiores, ou consultar bibliografía ou documentación gráfica sobre o tema. Esta comparativa podería ter varios enfoques:

- Urbanística: forma e funcionalidade das casas.
- Económica: cal sería a base económica en ambas as dúas épocas.
- Social: como poderían ser as relacións sociais en ambas épocas.

(Queremos que o alumnado reflexione sobre a cultura castrexa non como unha estrutura socioeconómica moi afastada no tempo e no espazo; un xeito de vida semellante perviviu en comunidades agrarias tradicionais ata hai pouco).

- Sobre un plano actual da cidade, presentamos os tres grandes focos de poboación: na Idade de Ferro (no monte do Castro), na Idade Antiga (ao redor da rúa Areal e zona litoral), e nas Idades Media e Moderna (en torno ao Barrio Vello, coa presenza da muralla do século XVII). Por grupos, usando como fontes documentais bibliografía, fotografías, planos, farase un percorrido do Vigo nas distintas épocas. Inda hoxe, na cidade, temos bastantes pegadas de todos estes períodos históricos.

Pretendemos mostrar como é posible rastrexar a historia da cidade dende a Prehistoria final ata o século XXI, vendo mesmo restos que están conservados no noso urbanismo.

- Ademais, obsérvase como a xente ao longo da historia cambia a localización das súas poboacións. En todo caso, trátase da mesma xente que cambia de lugar; non hai que entender a Historia como unha sucesión de invasións e grandes desprazamentos, senón como unha constante evolución con base nas innovacións e contactos con outros pobos.

